

***Ensaaios sobre o Efémoro* propicia o debate sobre a literatura e a traxectoria autoral**

A compostelá librería Couceiro acolleu esta cuarta feira unha conversa entre Marga do Val e Vítor Vaqueiro, autor de *Ensaaios sobre o efémoro* (Galaxia). A nova obra deste escritor, doutor en Comunicación, profesor xubilado e fotógrafo, constitúena relatos que percorren unha ampla singradura ao longo da historia da Galiza.

Laura Piñeiro Nós Diario Cultura 01/10/2025

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ensaaios-efemero-propicia-debate-literatura-traxectoria-autoral/20251001224021235346.html>



(Foto: Arxina)

A presentación da nova obra de Vítor Vaqueiro, *Ensaaios sobre o efémoro*, decorrida esta cuarta feira na librería compostelá Couceiro e organizada pola Agrupación Cultural O Galo, uniu en conversa o autor do libro e a escritora, filóloga e tradutora Marga Romero do Val, colaboradora de Nós Diario, nun acto presentado por María Antonia Pérez, presidenta do Galo. Malia ser, en

efecto, unha oportunidade para ter esta obra como centro da conversa, non se tratou dunha presentación ao uso.

A intención, de feito, era que o encontro fose un espazo para o debate, facendo o público participe e discutindo, a través da obra, doutras temáticas de interese. Tal e como sinalou Vitor Vaqueiro a este xornal, “xa desde un principio prescindimos da palabra presentación, que resulta pouco atractiva ao público e semella que anticipa un monólogo aburrido, substituímosla por conversa”. Seguiu, segundo indicou o propio Vaqueiro, o modelo dun encontro previo, realizado en Vigo, coas intervencións do crítico Xosé María Álvarez Cáccamo e a escritora Xina Vega. Neste encontro, ademais da obra, mantívose un diálogo sobre outros temas, xerando unha valoración positiva do público, “a xente dixo que fora moi entretido”. Este éxito foi un incentivo máis para manter o formato conversacional no evento de Compostela, ademais das ganas do propio Vaqueiro de fomentar o debate entre as persoas palestrantes e a audiencia.

Marga Do Val, durante a conversa, afondou na figura de Vaqueiro alén de na obra *Ensaio sobre o efémero*. Realizou así un amplo repaso de toda a súa traxectoria e as temáticas que trata, e que se poden relacionar co novo libro.

Da poesía á narrativa

Comezou Do Val referíndose á faceta poética de Vaqueiro, que se desenvolve a partir da década de 1980. Para isto, contextualizouno con distintos elementos que, segundo Do Val, son imprescindibles para comprender esta etapa: desde a relación con outros autores como Xosé María Álvarez Cáccamo, o escenario (a cidade de Vigo), até a conciencia e militancia política, o que Do Val denomina “unha conciencia da cidadanía, un sentido democrático da cidade”. Sinalou, dentro dese compromiso, o libro de poemas *Palavras a Espártaco* (2014), no que se recorría ao paralelismo coa Grecia clásica para denunciar a situación da Grecia do momento. Tamén se referiu á obra *1968* (publicado en 2018), na que Vaqueiro fala desde o máis próximo (a situación galega do momento) para chegar a fornecer dunha visión mundial. A teor disto, preguntouse polo Vigo que el describe en *Os xenerais da África* (1999) que, coida Do Val, relaciónase coa visión que se dá en *Ensaio sobre o efémero*.

Despois do repaso desta obra poética chégase, por fin, á súa faceta de narrador, na que se encadra *Ensaio sobre o efémero*. Aludindo a unha novela anterior, *Os nomes da morte* (2002), incídese nesa faceta como narrador. En palabras de Marga Do Val, Vitor Vaqueiro “dá a posibilidade de que haxa, na súa novela, moitos espazos en branco que o lector pode encher”. Compara o seu xeito de construción de personaxes coa de obras de Cortázar.

A fotografía na obra do autor

Non se obviou a mención á súa traxectoria como investigador e fotógrafo, que Marga Do Val cualificou de “moi importante” para comprender parte da súa obra. Referiuse, nomeadamente, a estudos publicados que tratan temas coma a mitoloxía galega ou diversos estudos fotográficos. Isto reflíctese en obras como *Os Espellos do Tempo* (2008) no que, como mencionou onte Do Val, “o narrador é un lector”, aludindo ás referencias presentes nesta obra, e na traxectoria xeral de Vitor Vaqueiro. O autor foi de feito profesora de Fotografía na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e director do Arquivo Pacheco de Vigo.

Finalmente, chegando á obra recente, Do Val interesouse pola falta de división estrita de xéneros literarios característica desta obra, presente, en realidade, en distintas pezas de Vítor. Apreciou, a través da lectura de dous poemas desta nova obra, a linguaxe e recursos formais propios da lírica empregados por Vaqueiro, mesmo cando se trata de prosa. Procedeu, por tanto, á lectura dos tres relatos da obra que máis exemplifican estas características: 'Chaira de maratón', 'O repouso de Homero' e 'Chung-Siao e o arco'. Así, o acto decorrido esta cuarta feira, deu lugar para alén da presentación do último libro de Vaqueiro, á construción dun profundo diálogo sobre literatura, cultura e un fondo repaso da traxectoria do escritor, poeta, doutor en Comunicación, profesor xubilado da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e fotógrafo.

A estrutura: Un libro en tres partes: 'Anais', 'biografías' e 'relatorios'

Ensaio sobre o efémero é un compendio de setenta e dous relatos “relativamente breves, que oscilan entre unhas liñas até páxina e media de lonxitude”, describe o propio autor. Este libro é froito dun longo -aínda que discontinuo- proceso de escritura que durou trinta e un anos. A extensión no tempo da súa elaboración deu lugar a, en palabras do autor, “unha voz única con diferentes abordaxes: algúns relatos seguen a clásica estrutura presentación -desenvolvemento- desenlace, mentres que outros pretenden transmitir imaxes, e, os menos, achéganse á prosa poética”.

As unidades

Divídese en tres grandes “unidades”, como as describe Vítor Vaqueiro: *anais*, “reflexións e referencias a episodios históricos”, *biografías* “biografías de homes e mulleres, desde figuras célebres galegas até figuras internacionais” e *relatorios*, “relatos con personaxes inseridas na contemporaneidade”. Ademais, nesta obra é frecuente o emprego de recursos como a ironía ou os paralelismos entre distintos personaxes e situacións, asimilando conceptos e figuras propias do mundo académico (a física, a historia, etc.) con narracións protagonizados por personaxes cotiás.